


# Besbellio



I.e.s. Alexandre Boveda - 2006/2007

## **SUMARIO**

- EDITORIAL
- ATOPARSE
- AMOR, PAZ
- INTENTANDO FALAR GALEGO
- A FELICIDADE
- O SAMAÍN: A SANTA COMPAÑA
- VISITA DA PRESIDENTA DO PARLAMENTO GALEGO
- VISITA DE MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ
- ACTIVIDADES E EXCURSIÓNS
- CAMPAÑA MOITOLLO
- CERTAME CARTAS DE AMOR
- COMIC
- MONTAXES PROFES
- COMIC
- 1º PREMIO LETRAS GALEGAS 2006
- PEQUENOS EXERCICIOS
- ENQUISA SOBRE A BIBLIOTECA
- PREMIOS MATEMÁTICAS
- ENTROIDO
- CARICATURAS
- VISITA DE MANIMEKALAI
- LONDRES
- BRUXELAS
- FOTOS 2º BACHARELATO
- OUTRAS PORTADAS

# EDITORIAL

Este ano a editorial ten unha certa tristura porque non pode presentar unha revista chea de colaboracións do alumnado. E non pode porque cada vez hai menos interese (con contadas excepcións). Será un problema desta revista ou será algo xeral? Será un problema deste instituto ou de todos?

É por iso que este ano O Besbello vai parecer un relato de actividades desenvolvidas no curso (e non son poucas!), pero cremos que a revista ten que ser algo máis, que ten que participar máis xente, que ten que ser máis creativa.

De todas formas queremos agradecer á xente que aínda se segue a involucrar neste proxecto a súa participación, e esperamos que o próximo ano sexamos máis.



**CONSELLO DE REDACCIÓN:** Algúns besbellos  
recalcitrantes

**PORTADA:** Dani Revuelta

**CONTRAPORTADA:** Minzhe Chen

**ILUSTRACIÓN:** Iris Darriba

## Atoparse

Ergues un día a túa cabeza, te ves no espello e descubres, como se levaras anos sen mirarte, que todo mudou e nada volverá a ser o que era. Xa non es aquela nena á que familiares e amigos protexían, xa non vives entre xoguetes, xa non buscas o ser maior, senón o ser libre, xa non todos os días son felices.

Agora es un adulto e nada é coma soñarás que sería cando si eras esa nena. Non es libre de facer todo o que desexas, non tes demasiados amigos e moito menos alguén que te ame respectando a túa liberdade. Continúas vivindo cos teus pais e baixo as súas normas, que continúan sendo semellantes as que un día lle impuxeron á filla que non levantaba demasiados palmos do chan.

Inda así, a pesar de todo, de sentir que non loitas por nada, que a túa existencia é momentaneamente nula e que non te valoran polo que verdadeiramente es, continúas loitando por ter algo polo que loitar.

Buscas na túa memoria e nos teus recordos. Lembras a túa primeira mellor amiga, coa que non te falas por unha chorrada; o primeiro rapaz que te gustou, posiblemente varios anos maior ca ti e cun físico espectacular; o teu primeiro amor non correspondido, polo que tanto sufriches, e tamén o que si che correspondeu; non queres lembrarte de todos eses amigos que un día te esqueceron porque, quizais, era demasiado complicado manterte nas súas vidas, pero o fas; e , inmediateamente, agora cun sorriso na cara, pensas nese amigo tan especial, no que confiabas plenamente, ao que lle contabas cada detalle da túa vida, o que loitaba por facerte feliz sen saber que só coa súa presenza o conseguía, o teu amor platónico.

Non o pensas dúas veces e, sen precisar a axenda, marcas o seu número de teléfono e esperas, impaciente, que alguén conteste.

Dous, tres, catro timbrazos e, por fin, escoitas a súa voz cálida, inconfundible, ao outro lado do teléfono; a voz que te fixo feliz no pasado e que, agora arranca de ti un sorriso e máis dunha bágoa

simultaneamente. Por fin, dende hai demasiado tempo, volves a ser feliz.

Ilduara Rivas Méndez



**Amor:**

Díxome alguén unha vez que morrería en mans do tempo se esperaba unha rosa de quen amas en sixilo. Cadro abstracto é o amor, dende calquera dos ángulos dos que se mire, sempre é unha verdade incerta. É un sono inacabado esgotado polas agullas de un reloxo programado para interromper. Sentimento inoportuno, que vén como se vai, silenciosamente pouco a pouco, facendo dano cando brilla pola súa ausencia. Doe, doe como a máis hábil estocada e pesa como cen mil anos de soidade. O amor é seda de color vermello, de aroma inexorable, que permanece en silencio como fai un neno traveso en mans dunha matrona máis travesa. Flota no ambiente e acaricia como as sabas frías en inverno. Disciplina pendente que hoxe non se aprende nin se esquece, cala fondo sen demora, pausa ou ferida. Para min o amor non foi máis que a vía dun tren apartado, descarrilado polo óxido dun mar que son as miñas bágoas, bágoas que quizás berren por

que entre o horizonte se perde unha quimera, que algúns chaman amor.

Nunca te canses de repetir esa palabra, amigo, amor.

**Xoán Carballo Tubío**



## **A Paz**

Paz, moitos a reclaman, pero sería posible vivir nun mundo sen guerras, sen loitas, no que se sobrepuxese a palabra sobre o conflito bélico? Demasiados feitos, terras, posesións... que nos fan sentir o desexo de pelexar polo que pensamos que é o correcto, o verdadeiro, o que nos pertence...

A palabra podería ser unha boa solución para a guerra e unha boa aliada para a paz pero tendo en conta todo e todos os que hoxe en día nos redean, a paz segue a presentarse como unha verdadeira UTOPIÍA.

**Ilduara Rivas Méndez**

**Intentando falar galego**

Érgome cada día e penso: "Hoxe vou ser capaz". Pero alí está miña nai, os meus compañeiros de clase, moitos profesores, a xente pola rúa, as dependentas das tendas... Todos falando castelán. Vivo en Vigo. Eu falo galego cando me ergo e castelán cando me deito.

Érguese cada día e alí están seus pais, os seus compañeiros de clase, todos os seus profesores, a xente polas rúas, as dependentas das tendas... Ninguén fala castelán. Vive en Oliveira. Ela fala galego.

Oxalá algún día poida reescribir o final do primeiro parágrafo e decir: "Vivo en Vigo. Eu falo galego". Oxalá algún día todos os nenos, a mocidade, os adultos e os vellos galegos poidamos dicilo, pero ese día, desgraciadamente, non é hoxe.

O galego é a nosa lingua, a lingua do noso pobo, a dos nosos antepasados e nós pasamos por este país e dedicámonos a falar un idioma que non nos pertence, un idioma imposto á forza, "o idioma dun Imperio".

As estadísticas, para ben ou para mal, infórmanos, de que case toda a poboación galega tería a capacidade de comunicarse no seu idioma, pero que non todos os que poden o fan.

O galego segue a ser un idioma minorizado, desprezado, desestimado... Aos nenos educámoslos en castelán, os mozos pasan de todo, os adultos levan xa moitos anos a falar noutra lingua e os vellos, eses si, falan galego. Pero os vellos son iso, vellos, e eles sós non poderán manter a nosa lingua viva demasiados anos. Na actualidade, máis da metade da poboación galega emprega o seu idioma, pero moita desa metade fórmana os "avoíños". E que pasará cando eles morran? Que lles pasará as estatísticas, case que favorables, do galego?

Intento falar en galego e seguireino intentando ata que o consiga ou morra, pero por moito que o intentemos e por moito que loitemos "catro galegos de pura cepa" a situación non vai a mellorar.

O galego, grazas a normalización lingüística e á súa introdución nas escolas, gañou moitos estudantes do idioma, que o poden ler e escribir, pero iso non é o que precisa. O que precisamos para que a nosa lingua siga viva son falantes naturais, dos que van pola rúa falando galego coa cabeza ben alta, defendendo os seus ideais e os seus principios.

Oxalá os meus oídos cheguen a escoltar e os meus ollos a ver, nun futuro, a un pobo unificado polo seu idioma, os seus costumes e o seu pasado. Oxalá eu sexa parte dese grupo

Hoxe é un novo día. Hoxe podería conseguilo. Hoxe volverei a intentar falar en galego.

Ilduara Rivas Méndez

## A FELICIDADE:

A verdade é que a felicidade varía dunhas persoas a outras. Moita xente é feliz con moi pouco e outros , infelices con moito. Os nenos están felices con moi pouco pero os adultos parecen estar sempre agobiados polo traballo ou tristes por algunha cousa, aínda que iso non ocorre en tódalas familias.

A felicidade é un obxectivo na vida, é algo persoal. Poderíanse enumerar uns elementos básicos para ser feliz: boa saúde, un traballo satisfactorio, unha rica vida amorosa, afectiva e familiar, ter amigos e tempo libre, boa situación económica...Gústanos tamén que aos demais lles vaia ben, especialmente aos nosos seres queridos e percibir que nos aprecian como persoas e nos respectan. O que varía, sen dúbida, é a importancia que cada un de nós lles concedemos a estes apartados.

Hai persoas que malgastan as súas vidas nunha constante e estéril busca da felicidade, aínda que teñen motivos reais para se sentiren razoadamente ben. Entenden que deben mellorar a súa situación porque viven convencidos de que hai algo superior, máis satisfactorio, que outros alcanzaron. A comparación cos demais, lonxe de depararnos algo bo, tende a sumirnos na insatisfacción. O mellor é non ser demasiado conformista nin demasiado ambicioso, loitar para mellorar o noso benestar e saber apreciar o xa acadado.



Os momentos felices da nosa vida dependen da nosa actitude, ser positivo axúdanos a saborealos e a resolver máis eficazmente os problemas que se nos presentan.

Daniel García González 1°C

## A felicidade

A felicidade é moi subxectiva. É un estado de ánimo ou sentimento que temos as persoas cando nos ocorre algo bo, ou cando nos sentimos contentos coa nosa vida ou situación.

Algunhas persoas son felices con poucas cousas mentres que outras necesitan máis. Depende moito da maneira de ser, do carácter, e tamén das prioridades que teña cada un. Un exemplo disto atopámolo no conto. O príncipe, que o tiña todo, sempre estaba descontento e o mozo, que nin sequera tiña camisa, era un home feliz.

Eu, que teño moitísimas dificultades, son feliz. Doulle moito valor á miña familia que sempre me apoia e penso que si puidera facer algún deporte sería a "repanocha".

David Curty Alonso

1° ESO C



Eu penso que é un sentimento fácil de conseguir pois non consiste en ter senón en disfrutar. A mellor frase que describe a felicidade é "**Non é máis feliz quen máis ten senón quen menos necesita**". A felicidade é un sentimento que que non se pode medir nin mercar, porque... ¿canto custa a felicidade? ¿Que cantidade de felicidade tes? Estas son preguntas sen solución.

En todo momento debemos encontrar motivos para estar felices pois todos os días das nosas vidas son únicos e nunca se repetirán. E xa que son únicos non os podemos pasar amargados ¿non é así?

Ana Román

1ºESO C

# O SAMAÍN

A antiga festividade celta do Samaín foi descrita habitualmente como unha comunión cos espíritos dos defuntos que, nesta data, terían autorización para camiñar entre os vivos. Abríanse as portas entre este mundo e o Alén, dándolle á xente a posibilidade de se reuniren cos seus antepasados mortos.

A noite do 31 de outubro comeza o ano novo celta e a súa festa en honra dos defuntos, marcando a transición do outono ao inverno. Nesa noite pensábase que os mortos podían retornar aos lugares onde vivían. De feito, moitos dos rituais que se facían nesa noite tiñan como finalidade proporcionarlle hospitalidade aos antepasados mortos. Pero non todos os espíritos que regresaban eran bos, entón para afastar aos malos, os celtas tallaban e vaciaban nabos dándolles forma de caveiras e utilizábanos como gardiáns contra os malos espíritos. Despois metían candeas dentro delas e poñíanas diante das súas portas para afastar aos visitantes non desexados do outro mundo.

Nas Rías Baixas, aínda se conserva o costume de facer coas cabazas caras e poñerlles dentro unha candea. Esta é a orixe da festa de Halloween que exportaron aos Estados Unidos os irlandeses no século XIX.

Debemos recuperar o Samaín como unha festa propia e deixarnos de imitacións foráneas. Iso é o que están a levar a cabo asociacións culturais e veciñais como a de Navia que cada ano celebra a festa do Samaín.

Tamén no noso Centro tentamos recuperar esa tradición facendo caveiras con cabazas e cun concurso de relatos de terror.



# A SANTA COMPAÑA

Non sei nin como estou aquí para contalo. Esta horripilante historia aconteceume na miña aldea, onde todos os anos vou pasar dúas ou tres semanas. Era unha xeada noite de outono. Eu durmía pracidamente no meu cuarto. De súpeto, uns fortes golpes espertáronme. Ao principio pensei que sería un trono e volvinme durmir, pero o ruído repetiuse. Alguén petaba na porta. Entroume medo, pero aínda así achegueime á grande portada de pino galego. Pum, pum, pum! Outra vez aqueles fortes golpes.

- Xa vou, xa vou- dixen cansado.

Abrín a porta e o que atopei deixoume xeado: Ante a porta habia unha ringleira de 12 encapuchados, todos con candeas e un deles cun enorme crucifixo. Este ultimo adiantouse e cunha man branca e esquelética ofreceume unha pequena cruz de madeira. Eu, tremendo de medo, collina, nese mesmo instante un raio cruzou o ceo, e as 12 personaxes avanzaron cara min. Eu tentei pechar a porta, pero a figura do crucifixo alargou de novo aquela man branca e colleume polo pescozo. Tentei gritar, pero o medo non mo permitía. Entón escoiteino falar:

- Anda - dixo cunha voz grave e rouca.

Logo soltoume. Notei que un líquido morno me baixaba pola perneira do pantalón.

Comecei a camiñar, dei un paso, logo outro. Os estraños visitantes ,que xa comezaban a semellarme seres inhumanos, formaron unha ringleira detrás de min seguindo os meus pasos lentamente. Eu, avanzaba co crucifixo na man dereita mirando cara o ceo. Camiñamos pola pequena aldea, e ao chegar xunto unha casa na que vivía unha moza, o do crucifixo mandoume deter. EI dirixiuse cara á porta da casa e petou nela tres veces. A porta abriuse e a moza apareceu.

- Quen chama por...? Aaah!

- Chegou a hora- dixo con voz rouca.

- Non, non!

Pechei os ollos, para cando volví mirar o corpo da moza estaba no chan sen vida.

O encapuchado olíou para min e dixo.

- Non digas nada do que viches.

- No ... non direi nada.

- Teño que asegurarme do que dis- comezou a facer uns raros xestos coas mans.

Eu xa intuía o que ía suceder e comecei a correr, corrín con todas as miñas forzas, pero eles seguíanme, entón collín dous paus e cruceinos formando unha cruz. As figuras, ao ver a cruz desvanecéronse cun espantoso son.

o silencio volveu. Eu non me tiña de pé co medo. Sentín algo na miña man, alí estaba a cruz que me dera a ánima. Con todas as miñas forzas lanceina ao quinto inferno e logo fun para a casa. Acabara de converterme no portador da cruz, isto podería custarme a vida.

Dende ese día, ás doce da noite petan á porta, pero eu, non abro

INÉS MARÍA RODRÍGUEZ NAZ

1º B

## A Presidenta do Parlamento Galego Dolores Villarino acode ao noso Centro para presentar o programa "Diálogo coa escola"

A Presidenta do Parlamento de Galicia visitou o IES Alexandre Bóveda para presentar a campaña dirixida aos centros educativos para conmemorar o 25 aniversario do Parlamento. Con este motivo houbo un acto no que ademais da presidenta, falou a vicepresidenta Tereixa Paz e o vicepresidente da Fundación Caixa Galicia, Alfonso Paz Andrade. Todos eles fixeron fincapé na importancia do diálogo e que tanto o parlamento como a escola "deben ser unha fábrica de valores"

Despois do acto no gimnasio procedeuse a plantar un carballo que será a nosa árbore do diálogo, árbore que debemos coidar día a día para que medre entre nós como símbolo do diálogo que tamén debe medrar día a día.



## Miguel Anxo Fernández visita o noso Centro

O día 7 de maio, dentro do programa de actividades da biblioteca adicado nesta ocasión á novela negra, visitou o noso Centro para charlar co alumnado o escritor de novela policial galega Miguel Anxo Fernández, creador do detective *Frank Soutelo*.

Comentou cos alumnos a súa última novela *Luar no inferno*, obra que os alumnos tiñan lido previamente polo que se desenvolveu un diálogo interesante sobre detalles da vida do famoso detective. O autor falou ademais da súa maneira de traballar as novelas animando non só á lectura senón tamén á escrita. Ah! e adiantounos que axiña verá a luz unha nova aventura do detective.

Temos que agradecer ademais a este autor a reseña que fixo no periódico *A Voz de Galicia* no Día das Letras Galegas louvando o labor deste Centro na difusión do libro galego.



## ACTIVIDADES E EXCURSIONS



## MAGOSTO



## INSTI DE NADAL



# Campaña moitollo

Un día de outubro viñeron ao insti a explicarnos unhas cantas normas de seguridade básica para o noso futuro laboral e para os riscos que podemos correr nas actividades cotiás.



Agora cando estou na casa penso de cando en vez como evitar accidentes. Esta é a miña casa e a miña familia:



Traballo de tecnoloxía.

# Certame cartas de amor

O premio foi compartido por Ilduara Rivas e Daniel Arias

Querido amor verdadeiro:

Falan tanto e tan ben de ti que comeza a preocuparme o non poder atopar unha explicación lóxica para a túa existencia.

A calquera que lle preguntes que qué é o amor, non sabería respostarche con palabras exactas, non podería describirche o que é estar namorado nin asegurarche se el mesmo o estivo nalgunha ocasión.

Todo apunta a que a túa existencia se atopa soamente na esperanza das xentes. Na procura de atopar a alguén que nos ame eternamente, que nos coide, que nos guíe ou aconselle, nos leve a lugares de ensoño e nos enfeitice coa maxia das súas verbas, as súas mans e o seu corpo. Pero cando alguén pensa estar namorado non repara no que iso pode significar.

Amor, podes ser sinónimo de sentimentos indescribiblemente fermosos, pero, por desgraza, tamén de escravitude e somentemento.

Hoxe en día a parella e os sentimentos amorosos van acompañados dunha fidelidade da que non deberíamos presumir. Cando nos comprometemos con alguén estámonos a converter en escravos da nosa parella. Deixamos de amar e ser amados en calquera lugar, momento ou con calquera persoa que nos apeteza. Deixamos de ser ceibes e a nosa cabeza comeza a non manexar os nosos actos.

***Ti, amor, deberías ser sempre un xeito de liberdade.***

Alguén me dixo un día que debemos deixar a persoa a que amamos libre, sen preocupacións, remordementos nin ataduras e se en verdade nos quere, por moitas veces que marche, sempre volverá.

Por iso, amor verdadeiro, eterno, indestrutíbel..., cara outra persoa, eu, non creo en ti. Porque a vida é para vivila, para disfrutala, para amar, si, pero non a unha única persoa, senón para amar eternamente á vida e a todo o que ela conleva: as xentes, os pobos, a flora, a fauna, o relevo...

Só che pido, se é que en verdade existes, e esta carta ten destinatario, que vivas alimentando o corazón das xentes, pero, ante todo, que deixes que as xentes vivan.

Ilduara Rivas.

Derradeiros saídos:

Hai tempo que quería dicirche todo o que sinto, e por fin o meu corazón encontrou este momento.

Dende o primeiro día que te vin, o día no que a sorte me levou a ti, souben que eras moito, e nunca serías para min. Conteiche como te vía, recordo a túa pel que non envexa a ningunha rosa do deserto, as túas mans pequenas excitando o vento coa súa delicadeza. Vólvenme á memoria os teus ollos de améndoa tostada que mostran a pura mirada, e coa boca e orellas forman a cara perfecta.

Direiche todas as sensacións que me facías vivir. Co paso dos días, e as horas xunto a ti, con xogos e caricias algo nacía dentro de min, algo que non che dixen e que me arrepentín. Algo que só un anxo coma ti pode facer sentir. As sensacións mestúranse e as palabras non chegan, para que saibas, que a túa inocencia calma a miña maldade, a túa ledicia crea en min algo que non tiña e a túa posible dor provoca en min a comprensión. Todo o que logras cambiar poderíse reducir a unha palabra que xa non podo ocultar.

Cando me vías, sentía o lume da túa mirada derreter o meu corpo de cera e vía como as túas mans, baixadas do ceo, debuxaban no vento a paisaxe dos sentimentos. Boto de menos estar falando de nada en particular e de todo en xeral pasando as horas sen que a túa doce voz deixe de soar e de provocar en min un profundo odio ao tempo, que sempre pasa á velocidade que quere, sen deterse.

Pero todo chega ao seu fin, os días de ledicia e felicidade acabaron como se murcha unha flor, lenta e dolorosamente. E o baleiro do teu corpo ocúpano a dor e os lamentos que me obrigan a escribir o que non che puiden dicir.


Xa teño que rematar e agora que teño medo a non despertar e estou obrigado a vivir enterrado en vida, dígoche cos meus últimos folgos que, sempre te quixen. Non Quero que con estas liñas deixes caer a sarabia da lúa polas túas meixelas e comprendas que sempre te amarei, que encontrarei a forma perfecta que mereces ter, e escriboche isto para que saibas que antes de morrer, o meu ardente corazón de xeo pertencíache a ti.

Recórdame como era e non no que me convertín, bicos e apertas, que sexas moi feliz.


Daniel Arias



HUVE É UM DIA NORMAL, UM DIA  
CORRENTE. O NRSO DIRECTOR,  
ANTO, PERMANECE NA ENTRADA,  
COM PORTO NEUVIES, GARBAVADO  
AS PORTAS...



... TUDO CUMPRE UM PATRÓN, SEMPRE TUDO  
SE REPETE, DIA TRAZ DIA, SEM CAMBIOS...




O ORIENTADOR, NO  
SEU DESPACHO...  
(BUENO! AGORA  
MEZMO NON  
ESTA, PERO  
XURROS QUE  
EXISTE)

A CAFETERIA... CO SMO 12 L. VIE...



... PORO HOVA ESTO A SUCROBE ALEN QUE REMOCE COA  
KILIM GARRA...


... CHEGADA É A HORA!!!  
O CONSELLO REUNISE  
XA.  
NESTE DÍA ESTASE A  
MAQUETAR ...  
! O BESBELLO SALTÓN!





			<p><b>O PRIMEIRO PASO :</b> A ELECCIÓN DA PORTADA.</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1º) XENIO INCOMPRENDIDO.</li> <li>2º) SEN TALENTO, PERO CON INFLUENCIAS.</li> <li>3º) VETERAN DESEMECADO POR CAÍAR.</li> <li>4º) UN QVA LLE FAN A PORTADA.</li> <li>5º) REINCIDENTE DE 3º DA E.S.O.</li> <li>6º) INVENUD DE 1º DA E.S.O.</li> </ol>







"AS CLASES DE ORRIOLS"  
(BOTANSE DE MENOS)





# " O ARRABATO DE LUZ CAO "

PODE QUE LUZ CAO SE PREGUNTA  
O SAIR DE CLASSE?  
ADEMAIS DE DAREMOS CLASSE  
DE INGLES, DESEMPENHA  
UMHA IMPORTANTE LABOR  
CULTURIZADORA. DE CANDO  
EN CANDO, SEMPRE XUADE  
ALGUN TEMA DO QUE  
FALAR, QUE RESULTA EN  
TRAXEDIA ...



\* ADVERTENCIA DO REMATE DO CURSO, VERSION "CASETA DE FEIRA"



O ALUMNO QUE FIXO ESTA AFIRMACION FOI  
COMPLETAMENTE CARACTERIZADO ...



\* TIPOA EXPRESION DE LUZ CAO, SEMA "O CINEMATO DO MALO", "O TITANON DE NOTRE-DAME" DO "FILIA DO AMOR MEMADO".

← ESTA É A TRAXEDIA DA QUE FALABA Z CANDO LUZ CAO REUNISE UMHA DESTAS BROTISTAS. SAE DA AULA DURANTE UN TEMPO, (QUE EMPREGA PARA METTERE LO EXHAUSTO DE TIEMPO) E REPRESA DICENDO: " EJEM, EJEM, BUENO BUENO, BUENO ... "

E PARA REMATAR...

QUERO DESPEDIRME REZARDANDO UN "CHISTE" DO NRO DIRECTOR,  
QUE VEN MUI BEN PARA A OCASIÓN. CONTANDO UN DIA, PARA  
AMENIZAR A SÚA EXPLICACIÓN E... EN FIN. AMÍ VAI.




LÓMIE ADICADO Ó "GRUPETE" Aº BACH "B", EN  
ESPECIAL A PEPE.



CRY/06





FIN.









1º premio poesía Letras galegas 2006

## FOTOGRAFÍA EN BRANCO E NEGRO: 1942

ELES (son mar)

Clarividencia, soidades no asfixiante rumor do xentío...

Os tópicos son vaguidades traballadas? Nun espazo de 80 metros de eslora,

eles son tímpanos sen corda, como violíns

desafinados

eles son ollos desdoblados cara adentro,

.....Cóncavos....

relatados na súa propia visión.

Eles volven, elas van, eles marchan cegos,

de invidencia intrahistórica,

de peensamentos...

enriba dun mástil

cravado ben a fondo no peito entre o tabaco e o mencer labrego

o Novo Mundo adiánteselles, cancro prematuramente diagnosticado.

Retrocesos de cámaras kódac mal enfocadas,

Co diafragma ben aberto,

adiviñan	vertebran	atravesan	mergullan	fotografan
Luz	ceo	sal	auga	MAR!!!

ELAS ( son eles)

Interioridade, retrospección intravenosa.....ela.

Do sol ao solpor sobrevivente da lúa,

Sobrenadante químico de bagoas exactas.

Na cociña dos soños a pataca con café é beberaxe sacro,

de pena megalomaniaca que o abrangue todo...

A súa faciana é de encaixe de Camariñas, as puntadas suicídanse... paseniño

Ela nada no outeiro pola mañanciña, ole a paxaros bébedos que desbotan o  
niño...

Elas só poden ser composto esencial dunha dura aleación temporal.

Elas (coma sempre) son elas e son outras unha á vez

Son soños, son o barco de ilusións magoadas polo vento

Gabriela Abelenda



## PEQUENOS EXERCICIOS ...

No lago añil

pasea docemente

un cisne branco.

JORGE FERNÁNDEZ 2º ESO A

Secas as bágoas

cicatrizan feridas,

nova vida.

CRISTINA MARTÍNEZ 2º ESO A

Imaxes perdidas  
reflíctense na noite,  
no día morren.

CÉSAR GARCÍA 2º ESO B

De seda branca,  
na miña primavera,  
vístense as flores.

JORGE RODRÍGUEZ 2º ESO E

Marcas a ría,  
debúxaslle veleiros,  
pintas azuis.

GORKA IBARRA 2º ESO E

Sol de verán,  
choiva de inverno,  
día ideal.

MARÍA POTTI 2º ESO A

Chegan os fríos,  
árbores de laranxa,  
follas que caen.

GUILLERMO RIAL 2º ESO D

Unha bolboreta,  
unha abella amarela,  
a primavera!

JOAQUIN MARTÍNS 2º ESO E

Selva tropical,  
eterna fermosura,  
estreméceme.

ELÍAS SOUSA 2º ESO A

No circo vese,  
entre todas as cores,  
moita alegría.

RODRIGO RODRÍGUEZ 2º  
ESO D

Vendo as estrelas,  
en cada unha delas,  
atópote a ti.

JORGE FERNÁNDEZ 2º ESO A

Nesta época,  
a soidade mátame,  
e todos viven.

LORENA LIS 2º ESO B

## A LINGUA GALEGA

Por que o noso idioma é considerado inferior ao castelán? Por que? Como é capaz a xente de non falar o noso idioma? Por que os galegos que habitan en cidades non falan a nosa lingua?

A xente non cre que o galego sexa un idioma para falar no mundo de hoxe, os adultos e mozos pensan que o galego só se utiliza para falar cos anciáns das vilas e aldeas.

Esa xente está equivocada, o ben prezado noso idioma é tan bo como o castelán.

Hoxe en día hai moitos actos para motivar á xente a falar o galego, aínda que a maioría das persoas non faga caso, hai que reaccionar, o galego é o maior tesouro que temos, por iso non deberíamos desprezalo, xa que logo, é o "emblema" da nosa patria.

A xente que leu isto, ou que o está a ler ou lerá, pensará que eu son un imbécil, e que o galego é unha estupidez. Que digan o que queiran, eu amo o meu idioma, e ninguén me fará cambiar de opinión.

ADRIÁN DOMINGUES, 2º ESO B

## A MULLER

A muller adquiriu nos últimos tempos a importancia que se merece. Abandonando o fogar como único lugar de traballo, e digo único porque creo que a decisión de traballar fóra da casa ten que ser unha decisión persoal que conte co apoio da túa parella. O que quero dicir é que, para a liberación da muller, non é necesario abandonar as nosas cualidades e deixar de mimar aos nosos seres queridos, senón xustamente o contrario, intentar adaptar as cualidades masculinas e axudar a que eles adapten as nosas. Así poderemos formar xuntos un mundo máis equitativo e xusto, onde non caiba a violencia de xénero, nin o abuso laboral...

En conclusión, pido a colaboración de todos e todas para que as nosas nais, irmás, noivas e futuros fillos poidan vivir nun mundo mellor.

TAMARA RETAMOZO. 2º ESO B

# COLOMBIA

Colombia é un país que se encontra no sur da América.

O clima é moi caloroso, inda que ás veces hai fortes tormentas con tronos e choivas polas tardes.

Os seus paisanos son xente, polo normal, humilde, traballadora, xa que loitan por conseguir unha vida mellor...


A paisaxe é moi variada, xa que ten zonas moi verdesas, cheas de prados e montañas con diversidade de árbores. Nos ríos que hai fervenzas son fermosos, os pantanosos son feos.

A comida é moi rica. O máis común son as legumes como os "frijoles" , lentellas, garavanzos... sempre acompañados de arroz. As "arepas" non só son coñecidas en Colombia, senón en Venezuela, Ecuador... O que tamén é moi coñecido de alí é a "bandexa paisa" e o café.

As froitas como o coco, a papaia, a piña, o tomate de árbore, a maracuíá... son zumarentas e dun sabor exquisito.

Este país é un paraíso, pero cheo de violencia, xa que hai uns grupos de persoas arredor das grandes cidades, que ditan xustiza coas armas. A pesar disto hai zonas moi activas, con festas... e xente amable á que lle encanta bailar salsa, merengue... e todas esas clases de bailes moi movidiños...

**YULIANA BUITRAGO, 2º ESO E**



## Enquisa ao alumnado sobre a biblioteca

Para coñecer as preferencias da xente sobre a biblioteca, decidín facer unha pequena enquisa no instituto. Parece ser que o uso da biblioteca non está moi estendido nos tempos que corren, así que decidín poñerme a investigar para saber os motivos da pouca utilización desta por parte do alumnado.

A táboa seguinte resume os datos obtidos no cuestionario\*:

	E.S.O.	Bacharelato
<b>Número de enquisad@s</b>	66	63
<b>Presenza algunha vez na biblioteca dende a renovación</b>	98,48% si 1,52% non	98,41% si 1,59% non
<b>Opinión da mesma (canto gusta)</b>	Nada: 6,15% Pouco: 24,61% Algo: 26,15% Bastante: 32,31% Moito: 10,77%	Nada: 3,22% Pouco: 9,68% Algo: 20,97% Bastante: 40,32% Moito: 25,8%
<b>Veces que se acode por mes **</b>	Entre 0 e 2: 47,69% Entre 3 e 6: 16,92% Entre 7 e 10: 13,85% Máis de 10: 21,54%	Entre 0 e 2: 54,84% Entre 3 e 6: 27,42% Entre 7 e 10: 3,22% Máis de 10: 14,51%

Resulta moi curioso observar que, case despois de dous anos dende a renovación, aínda haxa alumnas e alumnos sen pisar a biblioteca. Esta, por parte dos que si a coñecen, goza de aceptación xeral, pero parece ser que os cambios sufridos aínda non contentan a tod@s. En xeral, as novidades suxeridas por parte d@s alumn@s son as seguintes:

- Máis ordenadores (moi solicitado).
- Máis variedade e cantidade de material: rematar coleccións, banda deseñada de todos os estilos, máis libros doutros tipos (poesía, teatro, non tan infantís...), as películas han de ser máis recentes, etc.
- Cambios na estética e na publicidade: os carteis pídense máis rechamantes, outra cor nas paredes, outro tipo de luz...
- Clasificación dos libros e sinalización (moi pedido): Carteis ou un plano de onde se sitúa cada tipo de libro (narrativa, libros traducidos, ciencias, inglés, dicionarios, novidades, etc.)
- Ampliación do prazo de lectura.
- Ampliación do horario de uso da biblioteca: por exemplo, de 9 da mañá a 7 ou 8 da tarde.
- Permiso para utilizala fóra das horas de recreo sen profesor/a.
- Cambio de mesas, cadeiras e/ou sofás, así como o cambio dos mesmos (moi suxerido).
- Máis espazo físico, ampliación dos "terreos" da biblioteca.

Hai moitas máis peticións por parte do alumnado, pero estas son as máis xerais. Obviamente todas non se poden cumprir, e moitas non dependen só da biblioteca. Por exemplo, a falta de fondos para ter ordenadores: non é culpa da biblioteca. Tampouco é culpa da biblioteca que se prohíba estar durante as horas de clase, xa que é ilegal: se nos matriculamos oficialmente temos que asistir ás clases; así o din as leis.

Tampouco a dificultade atopada por parte dalgúns alumnos para atopar os libros é culpa da biblioteca: cando se inaugurou este espazo, houbo unha clase por

aula na que se estivo explicando a posición de cada unha das diferentes categorías. E a ampliación do horario xa se realiza os luns á tarde despois das clases. Anos atrás abríase todas as tardes, mais ningunha alumna ou alumno pisou a biblioteca.

Tamén é curiosa a relación que hai entre os datos recollidos anteriormente: @s alumn@s que din que non lle gusta a biblioteca son @s que menos acoden (a pesar de que isto non aparece reflectido nas porcentaxes da enquisa)

Despois desta análise só queda agardar que haxa unha maior participación por parte do alumnado, e, polo menos, algúns cambios se fagan realidade no suxerido anteriormente.

A biblioteca é un lugar onde somos tod@s iguais, e non importa quen sexas, como sexas ou que fagas, só a túa interese pola lectura e as ganas de aprender. A biblioteca é de tod@s e para tod@s.

**Helena Alonso Valencia**

1º Bacharelato A

Agradecer á xente que colaborou na enquisa, especialmente a Jorge Álvarez Troncoso por axudarme a ampliar o número de respostas.

\* Enquisa non científica realizada ao alumnado de E.S.O. e Bacharelato.

\*\* O ideal sería entre 3 e 6 veces, xa que iso implicaría ir a coller ou a renovar libros polo menos unha vez á semana e a lectura continua dos exemplares emprestados (que sempre se estivese lendo algo)

### III SEMANA MATEMÁTICA CAIXANOVA. CONCURSO LIGAMATS

Noraboa aos nosos alumnos Lorena Domínguez, Victor Rodríguez, Guillermo Rial e Patricia Suárez (todos eles de 2º ESO D), por quedaren subcampións da categoría B do concurso Ligamats da III Semana Matemática Caixanova, celebrado o 11 de maio de 2007. Nesta mesma categoría os alumnos Pablo Fernández Cendón, Jorge Fernández Freire, Paloma Lorenzo Santoro e Carlos Laranxeiro Viqueira acadaron o terceiro posto.



Noraboa tamén aos nosos alumnos Irene Álvarez Gómez (4º ESOB), Juan José Chaves Ruano, Martín Barcia Boullosa e Diego Pérez Estevez (4º ESO A), por quedaren subcampións da categoría C do concurso Ligamats da III Semana Matemática Caixanova, celebrado o 11 de maio de 2007.



## VARIOS DOS NÓSOS ALUMNOS QUEDARON CAMPIÓNS GALEGOS INFANTÍS DE BALONMÁN CO EQUIPO DO SEIS DO NADAL

A pasada fin de semana (4-6 de maio de 2007) varios alumnos do noso centro, integrantes do equipo de balonmán infantil do Seis do Nadal, proclamáronse campións galegos de balonmán . Son: Manuel Fernández, Guillermo Rial, Victor Rodríguez, Eduardo José Salazar, Anxo Costas, Rodrigo Rodríguez, Aarón Rodríguez (de 2º de ESO) e Carlos Laranxeiro, Pedro Iglesias, Jacobo Rodríguez e Daniel García (de 1º de ESO). Noraboa a todos eles e sorte para a fase de sector que se celebrará en Asturias do 18 ao 20 de maio, e que disputarán Galicia, Asturias, Cantabria e Euskadi. De aquí sairán os que disputarán a fase final española.



## AMARA PENSADO PENA (4º ESO D) FINALISTA NO 1º SPELLING-BEE REALIZADO EN GALICIA

A alumna Amara Pensado Pena (4º ESO D) quedou finalista do 1º Spelling-bee organizado en Galicia o día 28 de abril de 2007 no teatro Salesianos. Participaron alumnos de varios institutos e colexios de Vigo e comarca. A final celebrárase o día 16 de maio no salón de actos do Concello. Noraboa e ánimos para Amara.



## IX OLIMPIADA MATEMÁTICA GALEGA

Catro alumnos do noso centro participarán na fase final da IX Olimpiada Matemática para 2º de ESO que se celebrará en Vigo o día 25 de maio de 2007 (Pablo Fernández Cendón, César García Veloso, Gorka Ibarra Forneiro e Patricia Suárez Lozoya). Previamente tiveron que superar a fase de zona, na que se clasificaron entre os 11 primeiros para poder acudir á fase final (na que haberá só 40 alumnos de toda Galicia). Noraboa polo resultado acadado, e a seguir traballando. Máis información en:

(<http://www.olimpiadagalega.org/>)

## CAMPIÓNS DO RALLYE MATEMÁTICO "SEN FRONTEIRAS" 2007

Foto da entrega de premios do Rallye Matemático 2007, celebrada o día 2 de maio.



## CAMPIÓNS DO RALLYE MATEMÁTICO "SEN FRONTEIRAS" 2007

O grupo 4º ESO A do noso Centro quedou 1º clasificado no Rallye Matemático "sen fronteiras" 2007, celebrado o 25 de marzo de 2007. O día 2 de maio de 2007 iremos a Santiago, á Facultade de Matemáticas, a recoller o noso premio. Agora temos que ir a Toulouse a competir na superfinal do Rallye. Noraboa polo

resultado acadado, e a seguir traballando. Se queredes máis información visitade a páxina web de AGAPEMA (<http://www.agapema.com/>).

## OLIMPIADA MATEMÁTICA GALEGA PARA 2º DE BACHARELATO 2007

O 20 de xaneiro de 2007 celebrouse na Facultade de Matemáticas de A Coruña a fase galega da Olimpiada matemática para 2º de bacharelato, onde a nosa alumna MARTA LÓPEZ CAAMAÑO foi unha das gañadoras da mesma, acadando un segundo premio. Marta acudirá á fase final estatal que se celebrará en Madrid, do 22 ao 25 de marzo. Máis información en <http://www.usc.es/olympia>.

FARO DE VIGO  
Martes, 23 de enero de 2007

VIGO 13

COMPETICIÓN PARA JÓVENES VALORES

### Una mente privilegiada para las matemáticas

Marta López Caamaño representará a Galicia en la Olimpiada para estudiantes de Bachillerato

A.R. / VIGO

De todo menos novata. Es lo que se puede decir de la joven alumna del IES Alexandre Bóveda que representará a Galicia en la fase estatal de la Olimpiada de Matemáticas para segundo curso de Bachillerato que se celebrará en Madrid. Así, al conseguir un segundo premio estará en la capital española para tomar parte en esta competición del 22 al 25 de marzo.

Y no es novata porque esta estudiante cuenta con un impresionante currículo a sus espaldas que abrió en el año 2003 al vencer esta misma competición a nivel gallego para alumnos de Educación Secundaria Obligatoria (ESO) y que engrasó el pasado curso con un triunfo en el Rally Matemático sin fronteras, en el que concursó junto a más compañeros del instituto dirigidos por la profesora Natalia Carnero Álvarez.

Pese a ello, se resta méritos y se los da a otros. "Me gusta esta asignatura pero siempre me coincidió que tuve buenos profesores y eso ayuda mucho", señala Marta. Explica que decidió presentarse no sólo porque la materia le atrae, sino también porque el tipo de problemas que plantean en los exámenes "se sienten un poco de los que se resuelven en clase".

Si en sus dos primeras participaciones en certámenes matemáticos contó durante la preparación con la colaboración directa de docentes, en esta ocasión lo hace más por su cuenta. "Nos dieron páginas web en las que encontrar información aunque también podemos plantear dudas a los profesores", apunta.

Así, dedica parte de su tiempo libre a estudiar más matemáticas que el resto de sus compañeros de clase. Pero reconoce que no todo son libros y más li-



Marta López participará en la Olimpiada de Matemáticas. / RICARDO GROSAS

broys ya que juega al balonmano en el equipo del Ses do Nadal y asevera que "tengo tiempo para estar con mis amigos y hacer otras cosas. Todo es cuestión de organizarse".

Como base para lograr un buen resultado en este tipo de evento, Marta enumera dos cosas: "Controlar los nervios y ser capaz de estar mucho tiempo con un problema, darle vueltas hasta que haya algo que te dé la clave de su solución". Insiste en que "es un reto que te pongan un problema que no te sabes porque, cuando al final sale, es una satisfacción".

La alumna del IES Alexandre Bóveda ganó en 2003 el concurso para ESO

Por último, y pese a lo que podría parecer, no tiene muy claro su futuro universitario. "Aunque parezca mentira, no sé qué voy a estudiar porque no es que me gusten mucho las Ingenierías, creo que Arquitectura es muy difícil y la carrera de Matemáticas me parece que es mucha matemática", argumenta. Un problema al que tendrá que dar solución al acabar el curso.

### Alumnos de secundaria del IES Alexandre Bóveda ganan el rally matemático de Galicia

E.O. / VIGO

Veinticuatro alumnos de cuarto de ESO del instituto Alexandre Bóveda de Vigo están entre los más rápidos de Galicia en matemáticas. Así lo demostraron al quedar primeros en el "Rally matemático" que se disputó el mes pasado, de forma simultánea entre unos setenta grupos de diversos centros de toda la geografía gallega. Otro grupo del mismo centro educativo ya se había alzado con el mismo galardón hace sólo dos años.

El grupo, de cuarto A, recogerá el premio el próximo miércoles en Santiago, lo que le abre la posibilidad de participar el día 25 de mayo en la "superfinal" del Rally matemático que se celebra en la localidad francesa de Toulouse.

El examen se desarrolló el pasado 25 de marzo en las aulas de los mismos centros inscritos, pero bajo la supervisión de profesores llegados de otros institutos. Completaron ocho problemas en una hora y media, que habían sido enviados a través de correo electrónico - con una clave secreta que se conoció sólo cinco minutos antes de la prueba -. El jefe de estudios del IES Alexandre Bóveda, Francisco Centeno, destaca la importancia de este premio matemático.



Grupo ganador del "rally matemático", ayer en el instituto. / JESÚS DE ARCOS

# PREMIOS ENTROIDO





*Dani Fornetta*  
15-12-2006



IDEHE PA  
O CARALLO,  
NENAS

C. M. S.  
18-12-2006

## A visita de Manimekalai

Grazas a un traballo que estamos a facer sobre os microcréditos, buscando información, conseguimos contactar con Manimekalai, unha muller india, experta neste tema e directora do Centro de Estudos de Mulleres da Universidade de Bharathidasan (Tiruchy) que se encontraba nese momento dando conferencias por toda Galicia.

Manimekalai aceptou encantada a nosa invitación e veu ó instituto acompañada da súa filla Kavin. Manimekalai falou sobre as grandes diferenzas entre ricos e pobres no seu país e contounos prácticas como ó infanticidio feminino verdadeiramente escalofriantes, xa que nas castas máis baixas as mulleres non interesan porque non serven para traballar.

Despois centrou a súa conferencia no sistema de microcréditos que se utiliza na súa rexión. Explicou que se forman grupos de autoaxuda de entre 15-20 mulleres que se reúnen periódicamente e van aforrando moi pouquiño a pouco xa que unha persoa alí gaña entre 20-30 rupias diarias (60rupias=1€) e non tódolos días encontran traballo. Cando teñen unha cantidade suficiente de diñeiro aforrada concédennlle un microcrédito á persoa do grupo que máis o necesite xa sexa para sanidade, educación, negocio ou formación.

Estas axudas fan que mellore a economía de toda a familia xa que son elas as que levan as familias adiante e a maioría dos homes non fan nada. Ademais estas mulleres séntense arroupadas polas demais e séntense capaces de loitar polos seus dereitos e formarse, xa que o 84% delas son analfabetas.

Estes microcréditos pretenden acabar cos prestamistas que aproveitándose da necesidades desta xente cobran xuros de ata o 80%.



Querería agradecerlle á ONG Implicadas/os no desenvolvemento as facilidades que nos deron e a súa atención e en especial a Branca, xa que sen as súas traducións isto non sería posible.

MARÍA VILLAR CARBALLO 1º BACH. B



UNIVERSIDAD



XOÁN CARLOS GIL

Mnímekalai estuvo ayer en la facultad de Filología

## Una feminista ensalza el progreso de la India gracias a microcréditos

■ La feminista india Mnímekalai impartió en la mañana de ayer una conferencia en la facultad de Filología y Traducción, en la que analizó el desarrollo que han experimentado las mujeres de su país en los últimos años. En su conferencia

—*Género y desarrollo en la India*— describió el aporte de los microcréditos a la progresión laboral de las mujeres. Mnímekalai lleva una semana ya en Galicia, adonde llegó de la mano de ONG implicadas en el desarrollo.

## Diario dunha viaxe a Londres

Saída: Un luns pola mañá moi tempraniño dende o aeroporto de Peinador.

Chegada a Londres: Ese mesmo día pola tarde .

### Primeiro día. Itinerario:

Chegamos moi cansos a este novo país despois de andar a coller avións e por iso, ese día pola tarde simplemente demos unha volta pola cidade. Fomos a *China Town*, pasamos por *Trafalgar Square*, *Leicester Square*, etc. E ceamos preto do hotel.

### *Anécdota do día:*

Só andamos durante un par de horas pola cidade pero ese tempo xa foi suficiente para ter o noso primeiro incidente. Un dos rapaces máis pequenos da excursión quedouse atrás e perdeuse. Pero o mellor desta historia foi que resultou que o rapaz non levaba o móbil consigo por medo a ter a tentación de chamar a casa e gastar diñeiro. Por sorte un policía que pasaba por alí veuno chorar e levouno á estación de policía máis próxima. Así, ás once da noite aproximadamente, tras conseguir contactar cos profesores, levárono ao hotel onde nos aloxabamos.

### Segundo día

Tivemos que madrugar como os posteriores días para almorzar tranquilamente e poder reunirnos todos ás oito e media da mañá na porta de entrada do hotel e comezar deste xeito dunha forma puntual a nosa xornada.

### Itinerario:

Este día paramonos máis en *Trafalgar Square*, praza que foi construída para conmemorar a Batalla de Trafalgar na que o exército británico venceu ás tropas de Napoleón e onde se atopa a *National Gallery*. Pasamos por *Downing Street* ata chegar ao Parlamento, un conxunto de edificios impresionantes aos cales se atopa unido o Big Ben, o grande reloxo que constitúe un dos monumentos máis coñecidos de Londres.

Logo fomos a *ST. James Park*, onde puidemos ver de preto o *Buckingham palace* e onde tivemos a sorte de poder ver á raíña tamén, porque xusto pasou nun coche cando estabamos a pasear por esa zona.



Máis tarde, pero aínda pola mañá, fomos á noria (*London Eye*) onde nos subiamos en grupos de vinte e dende a cal podías ver todo Londres. Foi un traxecto impresionante aínda que un pouco longo ¡Tardaba corenta minutos en dar unha volta completa!

Ese mesmo día pola tarde paseamos polo *Queen's Jubilee Walk* ata o *Tower Bridge* e fomos vendo distintos lugares, como o barco do aquí coñecido como pirata *Drake*, o novo concello, a igrexa onde ensaia o coro que fai a banda sonora da serie *Mr. Bean*, o *Globe Theatre*, fomos á *Tate Modern*, etc.

Conclusión:

Foi un día no que camiñamos moitísimo e acabamos esgotados pero mereceu a pena, ademais na *Tate Modern* a parte de numerosas exposicións de pintura había un tobogán xigante polo que te podías tirar metido nun saco.

**Terceiro día** Itinerario:

Fomos a *King's Cross* ou tamén coñecida como a estación de *Harry Potter*, onde fixemos a típica foto no andén nove e tres cuartos, onde había encaixado na parede unha especie de carriño de levar a equipaxe como se de verdade estivese traspasando a parede. Despois collemos o metro e fomos ao museo de *Historia Natural*, onde hai moitísimos dinosaurios e logo fomos ao museo da Tecnoloxía e finalmente a comer a *Hyde Park* a modo de picnic.

Pola tarde, fomos ata a zona comercial, pasamos por *Vigo Street*, pois resulta que *Vigo* é mundialmente coñecido e xa na noite fomos visitar a *National Gallery*, que penso que foi un dos mellores museos que visitamos e onde se atopan algunhas das máis famosas pinturas do mundo.

**Cuarto día** Itinerario:

Comezamos polo meridiano de *Greenwich*, fomos en barco polo Támesis e pasamos por debaixo deste mesmo río por un túnel longuísimoo (o *foot tunnel*). Pola tarde visitamos *Canden Lock*, un mercado onde había tendas realmente raras e xente vestida de forma moi peculiar e ese mesmo día antes de ir cear fixemos unha visita ao *British Museum*, onde había momias de hai moitos anos e restos da antiga *Grecia* e outras civilizacións.

**Quinto día** Itinerario:

Este día completamos a nosa visita indo a *Westminster Abbey* o palacio da raíña das fins de semana. Estivo moi ben, era un castelo enorme e tiña uns xardíns

impresionantes. Ese mesmo día pola tarde tivemos tempo libre para facer as compras que quixésemos. Algúns compraron roupa, outros as *Converse* da nova temporada, as cales non gustaron nada a Benigno, etc. ¡Que se lle vai facer, para gustos hai cores!

### Último día

Ao seguinte día xa non deu tempo a visitar nada porque tivemos que saír pronto do hotel para coller o avión e regresar á casa. Deixamos o hotel onde había unha convención de coleccionistas de soldaditos de xoguete. Era moi gracioso ver a toda esa xente disfrazada e un tanque de mentira na entrada do hotel.

Chegamos a Vigo sobre as doce da noite sen creernos aínda o rápido que pasara esta excursión.

### Conclusión

Esta viaxe foi moi divertida. Andamos por todo Londres e o mellor foi que o fixemos cos nosos amigos e compañeiros e acompañáronos uns profes fantásticos. Estou segura de que todos disfrutaron desta viaxe e que non cabe dúbida de que repetirán o próximo ano.

### **Datos útiles:**

#### *¿Cando ir?*

Mellor en temporada baixa, como fixemos nós. Unha semana antes de Semana Santa.

#### *Elixir un hotel*

Aconsellamos falar con Benigno, Luz, Sara ou Emilio que vos recomendarán probablemente o Royal Hotel \*\*\*. O hotel permitía organizar festas nocturnas e tiña un almuerzo no que abundaban as tostadas.

#### *Elixir un restaurante*

Nós non recomendamos comer nun restaurante. Ao lado do hotel xa citado, había unha tenda semellante aos *Todo a Cen* en Vigo na que se podían comprar bocadillos a moi bo prezo.

#### *¿Canto diñeiro levar?*

Todo o que poidas. Non só para poder comer ben senón tamén para poder comprar unhas *Converse* da última temporada.

### *Visitas con guía*

Se levas a Benigno verás moitos e moi variados lugares pero tamén acabarás cos pés destrozados. Por iso é recomendable chegar a un acordo previo antes de partir onde se indique o noso tempo libre na viaxe.

### *Recomendacións*

Ir cos teus amigos e pasalo en grande.

SOLEDAD CAMESELLE GARCÍA 4ºA



## Viaxe a Bélxica

O día 27 de marzo, reunímonos de madrugada en Peinador o grupo de 37 afortunados que compartimos o privilexio de participar nesta viaxe única e irrepetible. Partimos rumbo a Bruxelas: a Capital de Europa.

Chegamos á cidade cara ás doce do mediodía; logo de dar unha volta pola cidade para termos unha panorámica dos lugares que visitaríamos nas horas sucesivas, chegamos por fin ao hotel. Non obstante, tivemos que agardar aínda un bo anaco para poder subir aos cuartos. Nesa longa espera, coñecemos a un "encantador" grupo de estudantes de Zaragoza cos que mantivemos unha "harmónica" convivencia neses tres días de estancia.

Xa pola tarde, e despois dunha lección de viaxe en metro ( pedímoslle a un paisano que nos ensinase o xeito...) chegamos á impresionante *Grand Place*. Alí , tivemos o privilexio de contemplar un fermoso solpor reflectido nas vidreiras que ornamentaban as fachadas do lugar. Despois do propio relato de Carme... o grupo dispersouse polas caellas dos arredores. No noso paseo atopámonos co meniño máis famoso de Bruselas, o "*Manneken Pis*". Visitamos tamén o Concello, a *Praza da Bourse*, e xa de noite a *Catedral de Saint Gudula*.

O martes día 28 tomamos a estrada con destino Brujas e Gante. Brujas foi, dende o meu punto de vista, o lugar máis interesante que visitamos na nosa viaxe.

Despois dun pequeno descanso na plaza *Zande*, acercámonos ata *Belfort*, onde os máis intrépidos subiron ao alto do campanario a través dos seus máis de trescentos chanzos. O esforzo pagou a pena, posto que as vistas das que se gozaba dende o cumio eran magníficas.

A aventura de Belfort deixounos sen folgos para continuar o noso paseo, de xeito que o fixemos dunha forma especial: alugamos un carro que nos levou polas rúas de Brujas, mostrándonos os principais edificios e monumentos; o paseo sentou cátedra, xa que os profes (mortos de envexa) decidiron seguir o noso exemplo.



Logo de visitar as canles e máis o mercado, regresamos ao punto de partida, *Zande*, para continuar coa nosa viaxe. Chegamos a *Gante* pola tarde, un tanto cansos .....Xa á noitiña regresamos a Bruselas, á *Grand Place*. Paramos para cear, demos un paseo e voltamos ao hotel en metro. Aquela noite foi especial, xa que tiñamos imposto un "toque de queda" (non entendo por qué, se nos portamos moi ben...).

Xoves 29 de marzo, despois dun bo madrugón (só durmimos dúas ou tres horas...) asistimos a unha sesión no Parlamento Europeo, coa intervención do eurodeputado Javier Solana. A continuación, o eurodiputado Daniel Varela recibíunos nunha sala onde nos indicou o funcionamento do organismo, a súa formación, historia etc, coa apertura dunha rolda de preguntas.

Despois da sesión no Parlamento, leváronnos a un establecemento onde obsequiaban aos visitantes con mapas, libros, etc (¡arramplouse alí con todo!). Con toda a tarde por diante, había aínda un feixe de lugares por visitar. Nós optamos por acercarnos ata o Centro Nacional do Cómic (despois do propio relato de Carme...). De noite, tempo libre para mercar agasallos (o chocolate e as pastas foron "o agasallo" por antonomasia; a cervexa tivo que quedar en terra...). Última ollada a *Grand Place* e regreso ao hotel cos nosos amigos de Zaragoza.

A mañá do día 30, madrugamos aínda máis para preparar a trangallada toda. Aproveitamos a mañá visitando "*O Atomium*". Tiñamos a intención de acercarnos ata *Mini-Europe*, pero o prezo prohibitivo das entradas fíxonos cambiar de idea; de xeito que fixemos un alto no camiño para mandarlle algo ao corpo.

Partimos de Bruxelas sen problemas (bueno, sen falar do incidente dos salvavidas...) e chegamos a Madrid cara ás seis da tarde. A verdadeira angustia pasámola en Barajas, co retraso do noso voo.

Dani Revuelta 2º Bach. B



# OS QUE REMATAN ESTE ANO



2º A



2º B



2º C



2º D



Besbello saltón 

LETRAS-07

O

BESBELLO

SALTÓN

IES ALEXANDRE BÓYEDA

2006-2007



O



# BESBELO SALTO

